

## NARRATIVA

## BAIXO OS CRISANTEMOS

MAITE DONO

**C**áenme as mans ó chan, ó chan arneiro da casa. As uvas de terra e de po dos cuartos acaban converténdose en fino azucre baixo os meus pés...

Vexo María e Irene durmindo xuntas na cama de ferro. Vexo Pai e Nai afundidos na cama mol. Vexo o tío alcohólico roncar na habitación separada como un apestado. Vexo miña avoa coa súa xenerosa barriga de globo terráqueo facer contrapunto ós ronquidos do meu tío. E véxome a min ó seu lado, cos ollos abertos. E enfronte de min vexo Esteban, cos ollos abertos tamén, contemplándonos mutuamente. Os únicos espertos nun mundo de durmidos. Aspirando o acedo da noite, a dor das súas preguntas, a humidade dos cometas que desde este lugar se ven mellor que desde ningún outro lado.

O meu irmán Esteban era considerado mudo, retrasado, tolo... porque ninguén o amaba coma min e el á súa vez, nunca se manifestara diante de ninguén como o facía diante de min. Levábame da man a través de eiras e searas; montábame sobre as súas chancas grandes e pesadas para pasar a auga e conducíame sempre co mesmo entusiasmo ó campo da mina. Desde alí, obrigábame a contemplar o mundo con forza: O plano xeométrico das hortas, o corido dos seus froitos, o lirismo fúnebre dos crisantemos, o mar de néboa ocultando os vales, ou os seus beizos arrancándome as mans... Non fun quen de en todo este tempo borrar as súas marcas nin a súa

mirada fincada en min a través dos barrotes da cama.

Lémbrome entre os seus fortes brazos, coroando os nosos dedos co capucho dos troques. Mollados pola humidade dos cometas. Desexando morrer co cántico da auga na mina. Desexando non ser encontrados xamais na nosa nudeza mística.

O día que nos atoparon, faciamos cábalas co noso futuro mentres a paisaxe se esvaía. Toda a aldea nos buscaba mentres nó-los dous esqueceramos a propósito a noción do tempo.

Pero foi a nosa nudeza idéntica máis có noso parentesco o que nos matou.

Enviáronme ó reformatorio xunto con outros desprezados. Non fun quen de recoñecer nese lugar o mundo que o meu irmán me obrigara a ver. E alí foi onde recollín a nova da súa morte. Recollina con coidado, coas mans que agora me caen. E creo que o esquecín todo a propósito. O meu desterro enterrou o corpo perfumado do meu irmán baixo o lirismo fúnebre dos crisantemos.

Agora cáenme as mans ó chan, ó chan arneiro da casa. As uvas de terra e de po dos cuartos tras vinte anos acaban converténdose en fino azucre baixo os meus pés.

E é que vin a este lugar a recordalo todo. Agora que nesta vila case fantasma xa non queda rastro dos nosos bicos. E a xente vella xa non se lembra de que os nosos corpos eran idénticos e o noso sangue tamén.

En realidade, vin a quedar durmido.